

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as demandas que de realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co acordo parlamentario do ano 2008 referido á transferencia a Galicia das competencias en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguridade cidadá, así como a actuación que debe levar a cabo para posibilitarlle ao Corpo de Policía de Galicia a sunción das funcións recoñecidas no artigo 15 da Lei 8/2008 (10/PNC-003227) doc.40066.

Emenda de modificación:

“O Parlamento galego acorda iniciar os trámites para presentar ante a Mesa dos Congreso dos Deputados unha Proposición de lei orgánica de transferencia a Galicia da materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria a través do procedemento do artigo 163 do Regulamento do Parlamento de Galicia, constituíndo ao efecto, de maneira inmediata e logo dos trámites oportunos, unha Comisión de estudo conxunta de todos os grupos parlamentarios.”

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/01/2019 17:57:45

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/01/2019 17:57:55



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento para a cesión ao Concello de Vilar de Barrio e para a rehabilitación como centro residencial de maiores de catro vivendas e unha parcela anexa pertencentes ao Adif, situadas no lugar de Barrán **(10/PNC-003386) doc.41578**.

Emenda de modificación:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, con relación ás catro vivendas e parcela anexa propiedade de ADIF (sitas no Lugar de Barrán, no Concello de Vilar de Barrio en Ourense), a estudar, xunto co Concello, a petición da súa posible desafectación co fin de proceder á súa rehabilitación para albergar calquera clase de servizos públicos, sempre en permanente participación coa veciñanza de Vilar de Barrio.”

Pazo do Parlamento, 21 de xaneiro de 2019

Asdo. Patricia Vilán Lorenzo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/01/2019 17:10:17

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/01/2019 17:10:33



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada Paula Prado del Río, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **10/PNC-002683 (32817)**, sobre a introducción polo Goberno galego do coordinador parental, como figura auxiliar dos xulgados con competencia en materia de familia, no marco do apoio familiar que regula a Lei 3/2011, de apoio á familia e á convivencia de Galicia

Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a iniciar a posta en marcha dunha experiencia piloto para que a figura do coordinador parental, cunha formación e experiencia adecuada e suficiente, poida auxiliar na execución das resolucións xudiciais en materia de familia coa fin de facilitar unha dinámica familiar positiva e a solución de problemas xurdidos despois do conflito de parella, en contextos de grave conflictividade nos que haxa menores (excluídos os casos de violencia sobre os menores), velando polo interese superior dos mesmos, garantindo o benestar dos fillos e as relacións familiares con ambos proxenitores”.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2019





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 18:16:52
Nº Rexistro: 44348
Data envío: 22/01/2019 18:16:52.506**

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 22/01/2019 17:57:51

Pedro Puy Fraga na data 22/01/2019 17:58:16

**Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com**

CSV: REXISTRO-C7s6bl-x7o-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada Paula Prado del Río, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **10/PNC-003227 (40066)**, sobre a a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co acordo parlamentario do ano 2008 referido á transferencia a Galicia das competencias en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguridade cidadá, así como a actuación que debe levar a cabo para posibilitarlle ao Corpo de Policía de Galicia a asunción das funcións reflectidas no artigo 15 da Lei 8/2008

Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

Demandar do Goberno do Estado a convocatoria da Comisión Mixta de transferencias, co obxecto de levar adiante todas aquelas transferencias xa reclamadas, así como aquelas novas que o Goberno galego consideren convenientes.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2019



Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 22/01/2019 18:09:37

Pedro Puy Fraga na data 22/01/2019 18:17:41

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputado Alberto Pazos Couñago, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **10/PNC-003329(41001)**, sobre a mellora por parte do Goberno galego da súa planificación normativa

Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar o cumprimento do seu plan normativo de xeito que canto antes, se rematen os trámites pendentes para que teñan entrada no Parlamento galego os proxectos de lei, se aproben os decretos polo Consello da Xunta e as Ordes polas respectivas Consellerías”

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 22/01/2019 18:13:21

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Pedro Puy Fraga na data 22/01/2019 18:13:46

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

